


I PLAN MUNICIPAL  
DE IGUALDADE  
ENTRE MULLERES E  
HOMES



Concello de Becerreá  
2007 - 2010

## ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	3
2. DIAGNOSE DO CONTEXTO:	
2.1. LOCALIZACIÓN E MAPA.....	5
2.2. TIPOLOXÍA DO MUNICIPIO.....	6
2.3. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA: SOCIEDADE E POBOACIÓN.....	7
2.4. CENSO DE VIVENDAS.....	14
2.5. EDUCACIÓN.....	16
2.6. TRABALLO E PROTECCIÓN SOCIAL.....	17
2.7. SOCIOECONOMÍA.....	21
3. INTRODUCCIÓN.....	23
4. ÁREAS DE INTERVENCIÓN:	
4.1. DEREITOS E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.....	24
4.2. PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS.....	25
4.2.1. VIDA ECONÓMICA	
4.2.1.1. EMPREGO.....	25
4.2.2.2. FORMACIÓN.....	27
4.2.2. CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.....	28
4.2.3. ATENCIÓN SOCIAL.....	29
4.2.4. SAÚDE E CALIDADE DE VIDA.....	31
4.2.5. EDUCACIÓN E TEMPO DE LECER.....	33
4.2.6. PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....	36
4.3. MULLER RURAL.....	37
4.4. VIOLENCIA DE XÉNERO.....	39
5. AVALIACIÓN.....	42

## PRESENTACIÓN

**O Goberno socialista presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, impulsou con convicción e decisión as políticas de igualdade.** A través de distintas iniciativas e instrumentos normativos deulles outro impulso, definitivo, ao cumprimento do mandato de igualdade recollido no artigo 14 da Constitución Española.

A Lei Orgánica de Medidas Integrais contra a Violencia de Xénero, é un claro exemplo desta política, na mesma liña, logramos conquistas significativas no recoñecemento de dereitos e liberdades da muller.

O Goberno da Xunta de Galicia tamén está a impulsar con determinación as políticas de igualdade, porque son a base da construción dun país socialmente cohesionado, xusto e solidario, no que non haxa lugar para a exclusión, para a marxinación, nin tampouco para a discriminación por razóns de xénero.

Este Concello, onde a muller é un elemento capital na nosa sociedade, onde foron e son a columna vertebral da mesma, queremos sumarnos ao cada día máis transcendente papel da muller na nova sociedade, por elo este Goberno municipal apostou por confeccionar unha lista paritaria, pola creación de **Concellerías específicas**, de Servizos Sociais ou de Educación, **Muller** e Xuventude... Que nos permitan asumir novas competencias e dar solucións á problemática específica derivada do novo papel da muller na sociedade.

Por elo, dende o Goberno local, dende a proximidade á realidade das mulleres galegas, temos un reto importantísimo, un compromiso ineludible coa sociedade heteroxénea como é a do noso Concello, ao que servimos e que posúe necesidades diferentes, ás que hai que dar respostas concretas e

adaptadas ás nosas necesidades específicas sen perder nunca de vista a perspectiva de xénero.

Fruto delo e a publicación que agora ten na man, que esperamos sexa do seu agrado.

Reciban un cordial saúdo

Ana Freijo Maseda

Concellala de Servizos Sociais


Pilar Rubio Carballo

Concellala de Educación, Muller e Xuventude

## DIAGNOSE DO CONTEXTO

### 1. LOCALIZACIÓN E MAPA:

O Concello de Becerreá está situado en plenas serras orientais da provincia de Lugo:



E os seus eixos de comunicación máis importantes son:



## 2. TIPOLOXÍA DO MUNICIPIO:

O Concello de Becerreá ten unha superficie de **172,1 Km<sup>2</sup>**, para unha poboación total de **3.334 habitantes** distribuída territorialmente nas seguintes **Entidades de poboación**:

ENTIDADES DE POBOACIÓN	2005
Entidades colectivas (Parroquia)	26
Entidades singulares	115
Núcleos de poboación	26
Diseminados	89


Fonte: INE. Padrón. Explotación estadística e Nomenclátor a 1 de Xaneiro de 2007

Do que resulta a seguinte **DENSIDADE DE POBOACIÓN**:

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>22,1</b>	22,0	21,7	21,1	20,5	20,0	19,9	19,7	<b>19,4</b>

**Nota:** En 8 anos a densidade de poboación reduciuse en 2,7 puntos. A densidade media de poboación en Galicia é de 93,6 habitantes / km<sup>2</sup>.

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes




A poboación do Concello está basicamente concentrada na capitalidade municipal, **Becerreá**, que conta cunha superficie territorial de **3,1 km<sup>2</sup>** para un total de poboación de: **1.486** habitantes, dos que **733** son homes e **753** mulleres, resultando unha densidade demográfica moi elevada, **479,35** xa que concentra arredor do **44,57%** da poboación total do concello. Nembargantes a

**densidade de poboamento por entidade** é de **0,65 habitantes / Km<sup>2</sup>**, moi por debaixo da mesma **media provincial 1,013 habitantes / Km<sup>2</sup>**.

### 3. ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA. SOCIEDADE E POBOACIÓN:

POBOACIÓN (PADRÓN)	TOTAL	HOMES	MULLERES	PERÍODO	FONTE
Poboación	<b>3.334</b>	1.684	1.650	2006	INE
De o a 15 anos	<b>252</b>	121	131	2006	INE
De 16 a 64 anos	<b>1.949</b>	1.022	927	2006	INE
De 65 e máis anos	<b>1.133</b>	541	592	2006	INE
Poboación estranxeira	45	26	19	2006	INE
Edade media	<b>53,7</b>	53	54,5	2006	INE

As diferenzas nas cifras entre as franxas de poboación de **0-15 anos: 252**, e de **65 e máis anos: 1.133** fai que non se produza relevo xeracional, e que a tendencia a que a poboación aumente no futuro sexa baixa xa que a **taxa de reempazo** é de: **0,32**. Ademais a idade media incrementouse nos últimos 8 anos en 5.5 puntos, e no caso das mulleres en 6.2. (A **idade media** en **Galicia** é de **43,8** e en **Lugo: 47,6**).




### SERIES HISTÓRICAS DE POBOACIÓN

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
3.796	3.779	3.732	3.639	3.532	3.442	3.424	3.389	<b>3.334</b>

Fonte: Censos de poboación (anos 1991 e 1981). Padrón Municipal de Habitantes (resto dos anos)

Nos últimos 8 anos produciuse unha perda de poboación continua pero moderada reducíndose en 462 o número de habitantes.



### INDICADORES DE POBOACIÓN (Segundo sexo e grandes grupos de idade)

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>Total poboación menor de 20 anos</b>	<b>607</b>	570	538	498	455	433	431	402	<b>367</b>
Homes de menos de 20 anos	292	271	259	243	220	207	204	191	175
Mulleres de menos de 20 anos	<b>315</b>	298	279	255	235	226	227	211	<b>192</b>
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	<b>16,0</b>	15,1	14,4	13,7	12,9	12,6	12,6	11,9	<b>9,1</b>
<b>Total poboación entre 20 e 64 anos</b>	<b>2.026</b>	2.022	2.000	1.960	1.907	1.860	1.827	1.835	<b>1.834</b>
Homes entre 20 e 64 anos	1.072	1.067	1.044	1.033	1.003	976	956	972	968

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>Mulleres entre 20 e 64 anos</b>	<b>954</b>	953	956	927	904	884	871	863	<b>866</b>
<b>Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos</b>	<b>53,4</b>	53,5	53,6	53,9	54,0	54,0	53,4	54,1	<b>54,3</b>
<b>Total poboación de 65 e máis anos</b>	1.163	1.187	1.194	1.181	1.170	1.149	1.166	1.152	<b>1.133</b>
<b>Homes de 65 e máis anos</b>	562	574	580	561	562	551	556	548	541
<b>Mulleres de 65 e máis anos</b>	<b>601</b>	613	614	620	608	598	610	604	<b>592</b>
<b>Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos</b>	<b>30,6</b>	31,4	32,0	32,5	33,1	33,4	34,1	34,0	<b>36,6</b>
<b>Índice de envellecemento</b>	<b>191,6</b>	208,2	221,9	237,1	257,1	265,4	270,5	286,6	<b>308,7</b>
<b>Índice de sobreenvellecemento</b>	<b>12,9</b>	13,6	13,5	14,1	14,0	14,3	14,8	15,0	<b>17,7</b>
<b>Índice de dependencia global</b>	<b>87,4</b>	86,9	86,6	85,7	85,2	85,1	87,4	84,7	<b>84,2</b>
<b>Índice de dependencia xuvenil</b>	<b>30,0</b>	28,2	26,9	25,4	23,9	23,3	23,6	21,9	<b>16,8</b>
<b>Índice de dependencia senil</b>	<b>57,4</b>	58,7	59,7	60,3	61,4	61,8	63,8	62,8	<b>67,4</b>

Fonte: IGE. Indicadores Demográficos

As Principais conclusións que se poden extraer da análise dos Indicadores de Poboación serían:

- 1. Índice de masculinidade** (Indica a relación entre o número de homes e o número de mulleres). Para o Concello de Becerreá no 2006 ((1684 / 1650) x 100): **102,06**. (A constante poboacional di que por cada 100 nacidas mulleres hai 105 nacidos homes)

2. A **poboación menor de 20 anos** reduciuse un **6.9%** (esto é 240 habitantes menos nesa franxa de idade) nos últimos 8 anos.
3. A **poboación entre 20 e 64 anos** incrementouse en case un punto nos últimos anos, e representa máis da metade da poboación, o **54,3%**, en idade de traballar.
4. A **poboación de 65 e máis anos**, nos últimos 8 anos reduciuse aínda que non moi significativamente (1.163 no ano 1998 e **1.133** no **2006**), consecuencia da perda natural de poboación. Pero é preciso destacar o incremento en 6 puntos na súa porcentaxe de poboación sobre o total. Isto significa que hai unha perda gradual de poboación e que cada vez está máis envellecida. Corroborado cos seguintes índices:
  - a. **Índice de envellecemento** (Relación entre a Poboación maior de 64 e a menor de 20 anos): No Concello de Becerreá no 2006 é de **308,7**. Incrementouse en 117,2 nos últimos 8 anos. Debido principalmente o descenso da poboación de menos de 20 anos. (En Galicia – 2006: 133,5).
  - b. **Índice de sobrenvellecemento** (Relación entre Poboación maior de 84 e a maior de 64 anos): Incrementouse en **4,8**, dende o **1998** onde o valor era: **12,9** ata o **2006** onde é de **17,7**.
  - c. **Índice de dependencia global** (Relación entre a poboación economicamente dependente (menor de 20 e maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa (entre 20 e 64 anos): É de **84,2** o valor máis baixo dende 1998 consecuencia do incremento na franxa de idade de poboación activa e a redución na de menores de 20 anos.
  - d. **Índice de dependencia xuvenil** (Relación entre a poboación menor de 20 anos e a poboación potencialmente activa, entre 20 e 64 anos): Reduciuse nun **13,2** nos últimos 8 anos, consecuencia do descenso de poboación na franxa de idade menores de 20 anos.
  - e. **Índice de dependencia senil** (Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación potencialmente activa entre 20 e 64 anos): Incrementouse en **10 puntos** nos últimos 8 anos. Derivado

do ascenso no número de habitantes maiores de 65 anos, sendo no **2006** de **1.133** sobre un total de poboación de **3.334**.

### MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

Movementos naturais da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte
<b>Nacementos</b>	10	7	3	2006	IGE – INE
<b>Defuncións</b>	52	29	23	2006	IGE – INE
<b>Matrimonios</b>	6			2006	IGE – INE
<b>Saldo vexetativo</b>	<b>-42</b>			2006	IGE – INE

**Nota:** O saldo vexetativo negativo (-42) sinala a grande diferenza entre nacementos e defuncións.

### INDICADORES DE FECUNDIDADE

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>Nacementos</b>	<b>17</b>	11	8	21	11	8	10	12	<b>10</b>
<b>Homes</b>	10	5	6	12	5	6	6	6	7
<b>Mulleres</b>	7	6	2	9	6	2	4	6	3
<b>Número medio de fillos por muller</b>	-	-	-	-	-	-	-	<b>0,8</b>	-
<b>Nacementos segundo a relación coa actividade da nai</b>									
<b>Total</b>	17	1	8	21	11	8	10	12	-
<b>Activas</b>	5	2	0	10	4	6	5	7	-
<b>Inactivas</b>	9	6	3	5	1	2	1	5	-

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>Non clasificables</b>	3	3	5	6	6	0	4	0	-
<b>Nacementos segundo o estado civil da nai</b>									
<b>Total</b>	17	11	8	21	11	8	10	12	-
<b>De nai casada</b>	17	8	7	18	9	7	8	9	-
<b>De nai non casada</b>	0	3	1	3	2	1	2	3	-
<b>Taxa bruta de natalidade</b>	4,1	3,7	2,5	4,0	4,5	2,8	2,6	3,5	-

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. (Os indicadores de fecundidade elabóranse a partir dos datos do Movemento natural da poboación do ano de referencia e o anterior).

### INDICADORES DE MORTALIDADE

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>Defuncións</b>	55	62	67	69	53	65	61	68	52
<b>Homes</b>	27	34	45	37	30	32	37	40	29
<b>Mulleres</b>	28	28	22	32	23	33	24	28	23
<b>Taxa bruta de mortalidade</b>	15,1	15,5	17,3	18,7	17,3	17,1	18,4	14,2	-
<b>Homes</b>	15,8	15,9	21,0	22,3	18,8	17,9	20,1	12,8	-
<b>Mulleres</b>	14,4	15,0	13,5	15,0	15,7	16,4	16,7	15,9	-

Fonte: IGE, Indicadores demográficos. (A taxa bruta de mortalidade elabórase a partir dos datos do Movemento natural da poboación do ano de referencia e o anterior)

### EVOLUCIÓN DO SALDO VEXETATIVO

1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
<b>-38</b>	-51	-59	-48	-42	-57	-51	-56	<b>-42</b>
<b>Nota:</b> Ascenso en 4 puntos en 8 anos, pero é o segundo valor máis baixo.								

As principais conclusións que se poden extraer do apartado **Movemento Natural da Poboación**, serían:

1. A baixa **taxa bruta de natalidade: 3,5**, en **Galicia** no 2006 estaría no: **7,6**.
2. A **taxa bruta de mortalidade en 14,2**, superior á taxa bruta de mortalidade de Galicia – 2006: **10,5**.

### MOVEMENTOS MIGRATORIOS

EMIGRACIÓN	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>Total</b>	<b>63</b>	67	74	91	66	78	105	<b>90</b>

Fonte: INE


INMIGRACIÓN	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>Total</b>	<b>85</b>	68	39	50	45	34	54	<b>51</b>

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais

### SALDO MIGRATORIO

	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>Total</b>	<b>22</b>	1	-35	-41	-21	-44	-51	<b>-39</b>
<b>Saldo interno</b>	4	-15	-19	-26	-29	-39	-57	-37
<b>Intraprovincial</b>	9	-7	-12	-16	-27	-26	-50	-35
<b>Co resto de Galicia</b>	-5	-8	-7	-10	-2	-13	-7	-2
<b>Saldo externo</b>	18	16	-16	-15	8	-5	6	2
<b>Co resto de España</b>	15	14	-17	-22	-3	-6	-8	-12
<b>Co estranxeiro</b>	3	2	1	7	11	1	14	10
<b>Nota:</b> Nos últimos 8 anos o saldo migratorio pasou de positivo a negativo.								

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais



#### 4. CENSO DE VIVENDAS

##### POBOACIÓN EN VIVENDAS FAMILIARES SEGÚN SEXO E ESTADO CIVIL

1991	Total	Solteiro/a	Casado/a	Viúvo/a	Separado/a	Divorciado/a
<b>Total</b>	4.118	1.665	2.064	376	12	1
<b>Homes</b>	2.092	947	1.035	103	7	0
<b>Mulleres</b>	2.026	718	1.029	273	5	1
<b>2001</b>						
<b>Total</b>	3.470	1.376	1.682	369	38	5
<b>Homes</b>	1.749	809	830	89	19	2
<b>Mulleres</b>	1.721	567	852	280	19	3

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 1991, 2001

É importante destacar a maior proporción de persoas que viven soas (solteiro/, viuvo/a, separado/a ou divorciado/a), fronte aos casados. Dato que se complementa coa táboa seguinte onde se reflexa coma a pesares de que o **tamaño medio do fogar** é de **2,8**, a maior parte dos fogares ten **un residente: 325**.

## VIVENDAS FAMILIARES PRINCIPAIS SEGUNDO O NÚMERO DE RESIDENTES E TAMAÑO MEDIO DO FOGAR

Total vivendas	1.229
1 residente	325
2 residentes	278
3 residentes	241
4 residentes	195
5 residentes	96
6 ou máis residentes	94
Tamaño medio do fogar	2,8

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

## VIVENDAS FAMILIARES PRINCIPAIS SEGUNDO OS PROBLEMAS DA VIVENDA E O ENTORNO

Total vivendas	1.229
Ruidos exteriores	81
Contaminación	658
Pouca limpeza nas rúas	997
Malas comunicacións	800
Poucas zonas verdes	868
Delicuencia ou vandalismo na zona	38
Falla de servizos de aseo na vivenda	21

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

Do total de 1.229 vivendas **800** manifestan as **malas comunicacións** coma un problema, o que supón dificultade de desprazamento e de acceso aos servizos.

## 5. EDUCACIÓN:

### POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS EN VIVENDAS FAMILIARES SEGUNDO O SEXO E O NIVEL DE ESTUDOS

	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	3.138	1.592	1.546
<b>Non sabe ler ou escribir</b>	<b>65</b>	<b>27</b>	<b>38</b>
<b>Menos de 5 anos de escolarización</b>	<b>1.403</b>	<b>721</b>	<b>682</b>
<b>Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB</b>	<b>484</b>	<b>268</b>	<b>216</b>
<b>Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo</b>	552	297	255
<b>Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU</b>	278	132	146
<b>FPI, FP grao medio, Oficialía industrial</b>	102	42	60
<b>FP II, FP grao superior, Mestría industrial</b>	72	38	34
<b>Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica</b>	120	34	86
<b>Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior</b>	57	30	27
<b>Doutoramento</b>	5	3	2

**Nota:** Destacar que do total da poboación: 3.138, presentan **menos de 5 anos de escolarización: 1.403** persoas.

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

### TAXA DE ANALFABETISMO DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

	Total	Homes	Mulleres
<b>1991</b>	4,7	2,8	<b>6,7</b>
<b>2001</b>	2,1	1,7	<b>2,5</b>

**Nota:** En 10 anos a taxa de analfabetismo reduciuse en máis da metade. Nembargantes segue a ser maior no caso das mulleres

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

## ENSINANZA NON UNIVERSITARIA. ALUMNADO SEGUNDO A ENSINANZA

	2000/2001	2001/2002	2002/2003	2003/2004	2004/2005
Educación infantil	46	38	35	33	44
Educación primaria	150	134	107	106	95
Educación secundaria obligatoria	208	178	179	163	155
Postobligatoria	218	183	156	167	168

**Nota:** Descenso significativo para o ano 2005, no eido da **Educación primaria: 55 matrículas menos**, **Educación secundaria obligatoria: 53 matrículas menos**, e na **Educación postobligatoria**, onde houbo un **descenso de 50 matrículas**.


Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (As Ensinanzas postobligatorias inclúen bacharelato, ciclos formativos e programas de garantía social e non inclúen as ensinanzas de adultos)

## 6. TRABAJO E PROTECCIÓN SOCIAL

### POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS EN VIVENDAS FAMILIARES SEGUNDO O SEXO E A RELACIÓN COA ACTIVIDADE (ACTIVO OU INACTIVO)

	Total	Homes	Mulleres	Periodo	Fonte
Poboación de 16 e máis anos	3.138	1.92	1.546	2001	INE
Poboación activa	1.446	857	<b>589</b>	2001	INE
Taxa de actividade	46,1	53,8	<b>38,1</b>	2001	INE
Ocupados /as	1.313	780	<b>533</b>	2001	INE
Taxa de ocupación	41,8	49,0	<b>34,5</b>	2001	INE
Parados /as	133	77	<b>56</b>	2001	INE
Taxa de paro	9,2	9,0	<b>9,5</b>	2001	INE
Poboación inactiva	1.692	735	<b>957</b>	2001	INE

**Nota:** A destacar que no apartado **poboación activa**, as **mulleres son 268 menos** cos homes, e no de **ocupados / as** son **247 menos** as mulleres. Sendo **21 máis** no de **desempregados /as**.



### PARO REXISTRADO POR SEXO E GRUPOS DE IDADE

Tempo	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores de 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores de 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores de 25 anos	25 e máis anos
<b>2007/Xuño</b>	<b>120</b>	<b>18</b>	<b>102</b>	<b>43</b>	<b>6</b>	<b>37</b>	<b>77</b>	<b>12</b>	<b>65</b>

Fonte: Consellería de traballo. Informe do paro rexistrado

### POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS EN VIVENDAS FAMILIARES SEGUNDO O SEXO E A RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA

	Total	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>3.138</b>	<b>1.592</b>	<b>1.546</b>
<b>Poboación activa</b>	<b>1.446</b>	<b>857</b>	<b>589</b>
<b>Ocupados /as</b>	<b>1.313</b>	<b>780</b>	<b>533</b>
<b>Parados /as</b>	<b>133</b>	<b>77</b>	<b>56</b>
<b>Buscan primeiro emprego</b>	<b>24</b>	<b>13</b>	<b>11</b>
<b>Traballaron antes</b>	<b>109</b>	<b>64</b>	<b>45</b>
<b>Poboación inactiva</b>	<b>1.692</b>	<b>735</b>	<b>957</b>
<b>Xubilados / as</b>	<b>1.114</b>	<b>572</b>	<b>542</b>
<b>Pensionistas</b>	<b>95</b>	<b>33</b>	<b>62</b>
<b>Estudantes</b>	<b>234</b>	<b>102</b>	<b>132</b>
<b>Tarefas do fogar</b>	<b>220</b>	<b>8</b>	<b>212</b>
<b>Outra situación</b>	<b>29</b>	<b>20</b>	<b>9</b>

**Nota:** As mulleres representan o **dobre** no apartado **pensionista**, e a práctica **totalidade** no apartado **tarefas do fogar**, **212 mulleres** e **8 homes**. Por isto son a **maioría** no apartado de **Poboación inactiva**: Mulleres: 957 fronte a 735 homes.

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

**POBOACIÓN EN VIVENDAS FAMILIARES OCUPADA SEGUNDO SEXO E SITUACIÓN PROFESIONAL**

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>Total</b>	1.313	780	533
<b>Empresario, traballador por conta propia</b>	595	<b>395 &gt;</b>	<b>200</b>
<b>Que emprega persoal</b>	88	<b>66 &gt;</b>	<b>22</b>
<b>Que non emprega persoal</b>	507	<b>329 &gt;</b>	<b>178</b>
<b>Asalariado, traballador por conta allea</b>	553	344	<b>209</b>
<b>Con carácter fixo</b>	380	<b>249 &gt;</b>	<b>131</b>
<b>Con carácter eventual</b>	173	<b>95 &gt;</b>	78
<b>Outras situacións</b>	165	41	124
<b>Axuda familiar</b>	165	<b>41 &lt;</b>	<b>124</b>
<b>Membro de cooperativas</b>	0	0	0

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

**POBOACIÓN EN VIVENDAS FAMILIARES OCUPADA SEGUNDO SEXO E RAMA DE ACTIVIDADE**

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>Total</b>	1.313	780	533
<b>Agricultura, gandería, caza e silvicultura</b>	555	305	250
<b>Pesca</b>	0	0	0
<b>Industria</b>	56	45	<b>11</b>
<b>Construcción</b>	138	132	<b>6</b>
<b>Servizos</b>	564	298	266

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

**POBOACIÓN EN VIVENDAS FAMILIARES OCUPADA SEGUNDO SEXO E OCUPACIÓN**

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>Total</b>	1.313	780	533
<b>Dirección das empresas e das administracións públicas</b>	163	<b>108 &gt;</b>	<b>55</b>

	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>Técnicos e profesionais científicos e intelectuais</b>	66	27	39
<b>Técnicos e profesionais de apoio</b>	67	39	28
<b>Empregados de tipo administrativo</b>	67	32	35
<b>Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores</b>	131	40 <	91
<b>Traballadores cualificados na agricultura e na pesca</b>	432	260 <	172
<b>Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería</b>	128	120 <	8
<b>Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores</b>	81	72 <	9
<b>Traballadores non cualificados</b>	174	80	94
<b>Forzas armadas</b>	4	2	2

Fonte: INE. Censos de poboación e vivendas 2001

### CONTRATOS REXISTRADOS SEGUNDO TIPO DE CONTRATO, XÉNERO E LOCALIDADE DO CENTRO DE TRABALLO

<b>Tempo</b>	<b>Contratos iniciais. De duración indefinida</b>			<b>Contratos iniciais. Temporais ou de duración determinada</b>			<b>Conversiones a indefinidos</b>		
	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>Total</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>
<b>2006</b>	14	6	8	591	327	264	21	16	5

Fonte: Fonte: Consellería de traballo. (A clasificación dos contratos faise segundo a localidade do centro de traballo)

## 6.1. PROTECCIÓN SOCIAL

### BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA E DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Tipo de axuda	2001	2002	2003	2004	2005
RISGA	2	2	1	0	0
AES	0	0	0	0	0
AES - MUNICIPAL	8	8	8	6	6

Fonte: CASERL. Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e de Inclusión Social. (Informe sobre a aplicación da lei galega de medidas básicas para a inserción social. Non se dispón de datos a nivel municipal para os outros tipos de pensións non contributivas)

### NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PENSÍONS NON CONTRIBUTIVAS DA SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO XÉNERO

Total				Homes			Mulleres		
Periodo	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación
2005	76	18	58	31	11	20	45	7	38

Fonte: Información subministrada directamente pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia. (Os expedientes que se iniciaron como pensións de invalidez inclúense nas pensións de xubilación cando os beneficiarios teñen 65 ou máis anos en decembro do ano correspondente)

## 7. SOCIOECONOMÍA

A base productiva do Concello de Becerreá atópase no sector primario, ocupando ao 80 % da poboación activa. Agricultura e gandeiría están íntimamente integradas. A superficie cultivada representa o 7'76 % da superficie total, ocupando o resto o policultivo de montaña. Prados e pastos supoñen o 11 % fronte ao espazo forestal que ocupa o 77 %. Polo que se refire ás explotacións agrícolas, conviven o policultivo de autoconsumo e o cultivo do cereal. A cabana gandeira intensificouse, destacando a cabana bovina con 3.753 cabezas, destinándose o 50 % á produción da cuota láctea. O tamaño

destas explotacións é reducido, de carácter familiar, cunha media inferior ás 10 cabezas por unidade de explotación. Os subsectores porcino, ovino e equino teñen menor presenza. A explotación forestal está magnificamente representada nos poblados bosques de carballos, castiñeiros, pinos, e bidueiros. En canto ao sector secundario, depende principalmente do sector agropecuario, como é a explotación da riqueza forestal. O sector servizos, en crecemento, tenta centrar a súa oferta no turismo rural. O comercio é ao por menor, de estrutura familiar e ten a capital municipal como principal foco de actividades e de servizos.

## INTRODUCCIÓN

Cando a igualdade entre mulleres e homes avalada polo marco xurídico evidenciase como insuficiente para enfrentar as desigualdades no exercicio dos dereitos, é necesario buscar novas solucións. É precisamente aí, onde xurde o **principio de igualdade de oportunidades**, como unha forma de lograr maior equidade entre mulleres e homes a partir do recoñecemento das súas diferenzas.

O **ámbito local** como sistema administrativo máis próximo á cidadanía, que coñece con maior profundidade as necesidades da poboación e os recursos cos que conta, que destaca polo seu papel no contexto económico como provedor de servizos e fonte de emprego, asegurando a cobertura das necesidades básicas, ten o reto de asumir entre os seus obxectivos o de conquistar a **igualdade**.

O **Concello de Becerreá** asume o compromiso público de adecuar as súas políticas e organización ao principio de igualdade, e a tal fin pon en marcha este **I Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes**, concebido para que se implemente baixo unha **estratexia dual**, que implica a elaboración de **políticas de igualdade deseñadas como medidas específicas** coas que eliminar a discriminación por razóns de xénero e mellorar a situación da muller, e a aplicación ao mesmo tempo dunha **visión transversal** a todas e cada unha das actuacións municipais, establecendo novas estratexias que incidan sobre as liñas políticas habituais considerando a homes e mulleres dende a súa **categoría de xénero**, e que require da **participación activa** e de **xeito coordinado** dos diferentes axentes.

O **I Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Becerreá**, espera converterse na ferramenta que incida nas desigualdades de xénero, a través da súa abordaxe nas diferentes **áreas de intervención** que incidan significativamente na vida cotiá do concello e dos seus habitantes, e que involucre a toda a sociedade mobilizando a unha **cidadanía activa** que contribúa a potenciar un **desenvolvemento local igualitario**.

## ÁREAS DE INTERVENCIÓN

### 1. DEREITOS E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Hoxe en día pódese afirmar que existe un verdadeiro marco de dereito igualitario. Nembargantes esta plena equiparación de dereitos no ordenamento xurídico só significa unha igualdade teórica que non é suficiente garantía para acadar unha igualdade real na vida cotiá.

**OBXECTIVO XERAL:** Adoptar o pleno compromiso de defender a igualdade entre mulleres e homes, e contribuir a súa realización e aplicación efectiva dende o propio ámbito de actuación.

#### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Sensibilizar acerca do dereito das mulleres e do significado da igualdade de oportunidades, na procura de concienciar á sociedade en xeral a fin de diminuír o risco de incurrir en discriminación por cuestión de xénero

1. Facilitar información suficiente e actualizada en materia de dereitos e promoción da igualdade de oportunidades así coma dos recursos existentes.

#### **ACTUACIÓNS:**

- Promocionar o presente Plan, explicando o seu contido a través dos distintos Servizos Municipais.
- Difundir o material informativo sobre os dereitos das mulleres e informar sobre os recursos de xeito que chegue a todas as mulleres do Concello.
- Facilitar o acceso aos servizos de información e orientación para as mulleres que a él se dirixan.

→ Organización de actos nos días que conmemoran temas especialmente vencellados ás mulleres, especialmente o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller.

→ Propoñer a incorporación na currícula escolar de todos os niveis educativos e nas actividades lúdico-formativas, a educación en dereitos humanos dende a perspectiva de xénero, facendo especial fincapé nos aspectos da vida pública e privada, incluídos os seus dereitos dentro da familia.

**DESTINATARIOS:** Goberno Municipal, Persoal do Concello, Comunidade educativa, Asociacións e público en xeral.

## 2. PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Conquerir a igualdade de xénero require a planificación de accións que combinen políticas específicas deseñadas para mellorar a situación das mulleres, e ademáis o establecemento de novas estratexias que incidan sobre as liñas políticas habituais dende a consideración diferencial de homes e mulleres.

### 2.1. VIDA ECONÓMICA

O recoñecemento de que a igualdade entre sexos contribúe ao crecemento e ao emprego, resulta ademáis esencial para afrontar os retos do mercado de traballo.

#### 2.1.1. EMPREGO

##### **OBXECTIVO XERAL:**

Integrar nas actuacións emprendidas medidas específicas sobre o emprego feminino que contribúan a aportar cohesión social.

### **ACTUACIÓNS:**

- Realizar investigacións de carácter multidisciplinar que amosen as diferentes situacións, procesos e tendencias na situación laboral da muller.
- Realizar campañas de sensibilización e divulgación entre o empresariado local, sobre as axudas e subvencións á contratación, coa fin de promover o desenvolvemento da actividade laboral das mulleres en xeral, e das mulleres con dificultades de acceso ao mercado de traballo en particular, e para facilitar o seu acceso a postos de responsabilidade.
- Intentar crear cauces de comunicación co empresariado local, para determinar as posibilidades de emprego das mulleres da zoa.
- Promover a inclusión da perspectiva de xénero na organización empresarial, a través da implementación de accións positivas nas políticas de recursos humanos.
- Ofrecer as mulleres servizos de orientación e información sociolaboral que faciliten a súa incorporación ao mercado e o desenvolvemento profesional, a través de itinerarios persoais de inserción sociolaboral, atendendo a unha perspectiva de xénero.
- Animar e apoiar ás iniciativas de tipo empresarial, encabezadas por mulleres, promovendo que as mulleres aposten por esta posibilidade, e favorecer o desenvolvemento dos seus proxectos.
- Orientar e apoiar iniciativas para a creación e consolidación de proxectos de autoemprego en sectores con subrepresentación feminina e a reciclaxe en novas saídas empresariais, así como o desenvolvemento de empresas para o servizo de proximidade.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Empresariado, Mulleres.

## 2.1.2. FORMACIÓN

### **OBXECTIVO XERAL:**

Potenciar a formación e cualificación das mulleres para favorecer a súa incorporación e permanencia no mercado laboral e a mellora das súas oportunidades de emprego, en especial naquelas profesións u oficios nas que se atopen subrepresentadas.

### **ACTUACIÓNS:**

- Facer fincapé na adquisición de ferramentas a través da formación, que capaciten, actualicen e melloren a posición de partida das mulleres no mercado laboral.
- Deseño de programas formativos para mulleres dirixidos a aumentar a súa representación en profesións nas que teñen menor presenza. Un exemplo pode ser atendendo ás necesidades que se dan na zoa e aos novos xacementos de emprego.
- Incidir na necesidade de formación en novas tecnoloxías, como elemento importante na actualidade e a longo prazo.
- Analizar e avaliar a participación diferencial de varóns e mulleres na formación, e o impacto desta na súa posterior inserción laboral, así como establecer mecanismos de seguimento para detectar a existencia de discriminación na oferta e na propia formación.
- Diversificar as opcións de formación para previr a segregación ocupacional e promocionar a formación continua para mulleres ocupadas.
- Diseñar formación dirixida a mulleres en situación de risco de exclusión e a mulleres rurais, potenciando accións de reciclaxe profesional para traballadoras en oficios con escasa perspectiva de futuro, especialmente empregadas do fogar.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Empresariado, Centros de Formación Ocupacional, Mulleres.

## 2.2. CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL

A falta de equilibrio entre o traballo e a vida privada fai que aumenten as disparidades entre homes e mulleres, que se abandoe a actividade laboral e descendan os índices de fertilidade. E por isto que resulta fundamental promover a conciliación do traballo e a asunción de forma igualitaria das responsabilidades familiares dos homes e mulleres en todas as etapas da súa vida para favorecer o desenvolvemento das iniciativas laborais das mulleres.

**OBXECTIVO XERAL:** Promover accións encamiñadas a que nas decisións políticas que se adopten, con carácter xeral, téñase en conta as necesidades das mulleres e homes para unha mellor conciliación da vida profesional e familiar.

### **ACTUACIÓNS:**

- Sensibilizar á sociedade en xeral sobre a importancia e a necesidade de conciliar a vida persoal, laboral e familiar como elemento esencial de compatibilidade.
- Sensibilizar a sociedade en xeral sobre o uso diferencial e desigual do tempo entre mulleres e homes, fomentando a súa distribución paritaria.
- Transmitir a valoración real económica e social do traballo doméstico ao conxunto da sociedade.
- Establecer medidas de sensibilización dirixidas especialmente aos homes orientadas a fomentar a corresponsabilidade como estratexia facilitadora dunha maior participación social e laboral das mulleres.
- Realizar encontros con empresas para concienciar sobre a necesidade de poñer en marcha servizos e medidas que favorezan que homes e mulleres compatibilicen as súas responsabilidades laborais e familiares.

- Dar a coñecer dentro do ámbito laboral, o réxime de permisos, licenzas e excedencias por maternidade / paternidade, así como por razón familiares.
- Asegurar a difusión das medidas e servizos de conciliación da vida laboral e persoal para mulleres e homes.
- Intentar adaptar e coordinar os horarios públicos, comerciais, laborais, e escolares, para compatibilizar as responsabilidades a nivel laboral, coas familiares e persoais.
- Incentivar ás empresas que establezan plans de acción que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral, a través dunha maior flexibilización de horarios e xornadas laborais.
- Impulsar o desenvolvemento de actividades lúdico-educativas fora do horario escolar e no periodo vacacional de menores.
- Incentivar a creación de empresas de servizos de apoio profesionalizado que faciliten a conciliación da vida familiar e profesional.
- Apoiar as iniciativas empresariais que proporcionen servizos destinados a conciliar as necesidades familiares e laborais dos seus empregados.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Empresariado, Centros educativos, Sociedade en xeral, Homes e Mulleres en particular.

### 2.3. ATENCIÓN SOCIAL

O desenvolvemento económico acadado proporciona un nivel de prestación de servizos sociais mínimo garantido. Nembargantes tamén é preciso destacar a importancia da existencia duns servizos que ademais do aspecto curativo asistencial se orienten a favorecer o desenvolvemento persoal e o benestar físico, emocional e social.

## **OBXECTIVO XERAL:**

Mellorar a calidade de vida das mulleres do municipio en particular aquelas que teñen algún tipo de necesidade especial, promovendo unha mellora no acceso á protección social.

## **ACTUACIÓNS:**

- Achegar ás mulleres os recursos e programas sociais existentes.
- Fomentar a colaboración con outras institucións e asociacións que traballen a prol das mulleres en risco de exclusión ao fin de desenvolver propostas de integración social e cultural.
- Dotar aos servizos sociais de protocolos de diagnóstico de situacións e condicións de vulnerabilidade de mulleres en risco de exclusión social, e de coñecemento dos itinerarios de actuación que existen para erradicar dita vulnerabilidade.
- Adecuar os Servizos Sociais e as súas actuacións ás demandas e necesidades presentadas polas mulleres.
- Promocionar a igualdade das mulleres a través do acceso á protección social, desenvolvendo medidas que incorporen a perspectiva de xénero.
- Potenciar os servizos existentes, en especial para aquelas mulleres con cargas familiares e outros colectivos desfavorecidos.
- Promover a sensibilidade do empresariado sobre a contratación de mulleres en risco así como a prevención para a eliminación de estereotipos sexistas.
- Realizar programas de formación, con itinerarios integrados para o emprego, dirixidos a mulleres soas a cargo de familias en situación de precariedade económica ou en risco de exclusión social.
- Desenvolver programas de formación para mulleres ao cargo de dependentes ao fin de capacitar no coidado.

- Diseñar un programa de orientación e formación dirixido a promover a adquisición de hábitos susceptibles de favorecer un envellecemento saudable.
- Crear unha rede comunitaria de servizos de apoio familiar para o coidado de persoas dependentes e menores a cargo, así como de actividades extraescolares e recreativas para facilitar o acceso ao traballo, á educación e á cultura, á participación, o desenvolvemento persoal, o ocio e o tempo libre, das mulleres responsables de núcleos familiares sen recursos.
- Dotar suficientemente e adecuar os horarios do sistema de garderías públicas, con carácter gratuíto, para cubrir as necesidades de menores a cargo de mulleres responsables de núcleos familiares que traballan fora da casa ou estean en proceso de inserción laboral ou búsqueda de emprego.

**DESTINATARIOS:** Goberno Municipal, Persoal do Concello, Institucións e Asociacións Asistenciais, Empresariado, Centros de Formación Ocupacional, Mulleres.

## 2.4. SAÚDE E CALIDADE DE VIDA

As mulleres ao longo do seu ciclo vital, presentan especificidades que e necesario ter en conta e atender de xeito diferenciado. Así mesmo, búscase desenvolver e promover hábitos saudables e facelo dende a proximidade, de forma que se poida asumir a capacidade de atender á propia saúde e concederlle a importancia que merece. Hai diferentes aspectos e problemas referidos á saúde que afectan de distinta forma a varóns e a mulleres. É importante ser consciente deste feito, e desenrolar estratexias diferentes, tanto de promoción, como de prevención e tratamento.

**OBXECTIVO XERAL:** Promover o uso e o acceso aos recursos existentes na rede sanitaria do municipio coa fin de mellorar a saúde física e mental das mulleres. E establecer unha reconceptualización da saúde como proceso, e non como situación puntual, procurando unha abordaxe da saúde das mulleres, como cuestión integral.

### **ACTUACIÓNS:**

- Elaborar un acercamento, tanto cualitativo como cuantitativo, ao estado de saúde das mulleres e as súas concepcións sobre o tema.
- Avaliar os modelos de atención sanitaria, así como coñecer as relacións das mulleres co sistema sanitario e as opinións e expectativas das mesmas, como usuarias dos servizos.
- Desenvolver programas de promoción da saúde e de educación sanitaria, co obxectivo de aumentar a conciencia sobre a propia saúde e potenciar recursos persoais das mulleres, de xeito que lles permita ocuparse da súa saúde e afrontar problemas específicos en cada etapa da súa vida, así como incrementar o seu benestar e calidade de vida.
- Sensibilizar ás mulleres do seu papel na área de saúde, aumentando a súa participación nos diferentes ámbitos e niveis que o forman.
- Informar e orientar dos recursos sanitarios disponibles. Inclúense actuacións referidas ao desenvolvemento e difusión de material divulgativo sobre temas referentes á saúde das mulleres e a realización de talleres de mulleres que potencien o seu autoconhecimento e o intercambio de experiencias en autocoidado.
- Tentar mellorar a coordinación entre os diferentes niveis asistenciais, atendendo ao criterio de saúde integral. Este aspecto iría vencellado ao desenvolvemento de encontros interdisciplinares entre profesionais de diferentes ámbitos, que permitan o intercambio de experiencias referidas á saúde das mulleres, así como con asociacións cidadás, de xeito que se cren redes de información socio-sanitarias a nivel local.

- Reforzar hábitos hixiánicos e desenrolar programas de educación sanitaria.
- Introducir nos currículos escolares, de forma transversal, contidos encamiñados a concienciar e formar en educación para a saúde, atendendo a unha perspectiva de xénero.
- Visibilizar os riscos para a saúde do traballo doméstico, prestando especial atención aos efectos que poidan producir sobre as mulleres os novos modelos de atención hospitalaria e de intervención, así como o coidado de persoas enfermas, crónicas ou terminais.
- Mellorar a prevención, atención, tratamento de trastornos da conducta alimentaria (que considere tanto os aspectos psíquicos como físicos e sociais) como a anorexia e a bulimia, especialmente para poboación adolescente e xove, e informar aos diferentes actores sociais (familias, profesorado...) sobre os riscos dos trastornos de alimentación e a posibilidade de detectalos precozmente.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Servizos sanitarios, Asociacións, Comunidade educativa, Mulleres e Familias.

## 2.5. EDUCACIÓN E TEMPO DE LECER

A consideración da educación como un pilar básico na consecución da igualdade esixe unha sensibilización en materia de xénero que capacite para a transmisión de valores acordes coa sociedade actual. Na que ademáis, o crecemento do tempo adicado ao ocio e á cultura, demanda unha planificación rexida por un criterio de calidade que responda aos intereses e satisfaga a toda a poboación por igual.

**OBXECTIVO XERAL:** Fomentar unha educación en igualdade, e propiciar unha maior presenza das mulleres nas actividades de lecer, así como promover a práctica do exercicio físico e o deporte como un hábito de vida saudable, como medio de modificar comportamentos e de transmisión de novos valores sociais.

### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

1. Sensibilizar á comunidade educativa e á familia sobre a importancia de promover en igualdade (coeducación) no proceso de socialización das nenas e dos nenos, así como facilitar ferramentas que contribúan a garantir a non discriminación sexista e favorezan a aplicación do principio de igualdade de oportunidades.
2. Tomar conciencia da existencia de valores diferenciados en función da identidade de xénero e fomentar novas actitudes e comportamentos entre educadores/as e o persoal técnico que deseña as actividades lúdicas e socioculturais para os e as menores, acordes coa igualdade de oportunidades nas aulas.
3. Impulsar a posta en marcha de programas sobre sexualidade responsable.
4. Sensibilizar á comunidade educativa e á familia sobre a importancia da formación nas persoas adultas.
5. Fomentar o acceso das mulleres ás novas tecnoloxías para que poidan ser utilizadas como ferramentas de formación e traballo.
6. elevar o nivel educativo das mulleres adultas do concello.
7. Impulsar programas encamiñados a proporcionar recursos de aprendizaxe e superación do analfabetismo funcional das mulleres adultas.
8. Favorecer a realización de actividades culturais e a participación activa nas mesmas polas mulleres do concello.
9. Fomentar unha maior presenza das mulleres na vida cultural do municipio e promover a súa participación en actividades deportivas.

### **ACTUACIÓNS:**

- Achegar os servizos culturais ás mulleres.
- Integrar ás mulleres nas distintas actividades de lecer.

- Instaurar programas de lecer dacordo ás necesidades e intereses das mulleres, tendo en conta as súas responsabilidades, en especial no caso das mulleres maiores.
- Promover programas de ocio creativo e diversificado, fomentando a participación en igualdade.
- Difusión da labor da muller na historia do Concello, recuperando as aportacións da muller nas distintas áreas.
- Crear un espazo adicado á temática de xénero na Biblioteca Municipal.
- Fomentar o deporte entre as mulleres e o uso dos espazos deportivos.
- Elaborar e levar a cabo un programa de alfabetización de mulleres adultas.
- Continuar coas intervencións de educación para a saúde desenvolvidas nos centros de ensino (sexualidade, alimentación, VIH, drogadicción, autoestima, ...), así como as que teñen relación coa prevención de conductas violentas.
- Impulso e mantemento de obradoiros de educación afectivo-emocional e de habilidades sociais no centro de ensino de Primaria.
- Realización de campañas de prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual en colaboración cos centros educativos
- Crear ou impulsar as escolas de nais e pais nos centros de ensino.
- Animación á lectura para nenas e nenos a través de contidos que potencien a igualdade.
- Sensibilizar a nais e pais para que fomenten a participación de nenas e nenos nos deportes municipais sen atender á participación que por rol de xénero e de forma tradicional se veñen dando nas diferentes prácticas deportivas.
- Organizar un campamento de verán para nais, pais, fillas e fillos.
- Realizar talleres dirixidos a rapaces e rapazas a fin de correxir os desequilibrios e tendencias cara estudos e profesións tradicionalmente masculinas e femininas en función do sexo, e animar ás xóvenes cara opcións formativas con maiores expectativas no mercado laboral.

→ Promove-la educación vial entre toda a poboación e sensibilizar sobre a eliminación de estereotipos de mulleres ó volante neste ámbito.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Institucións culturais e deportivas, Comunidade Educativa, Asociacións, Mulleres, Familias.

## 2.6. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A presenza das mulleres nas distintas esferas da vida pública constitúe un requisito imprescindible para acadar unha auténtica igualdade de oportunidades, xa que a participación da muller fortalece a súa posición a todos os niveis, e recolle aspectos fundamentais e inseparables da realidade actual en relación coa súa situación e coas súas necesidades específicas que podería expresar.

### **OBXECTIVO XERAL:**

Favorecer a participación activa das mulleres na vida pública, promovendo unha presenza máis equilibrada de homes e mulleres no ámbito da toma de decisións.

### **ACTUACIÓNS:**

- Sensibilizar e concienciar á sociedade en xeral, pero especificamente, aos grupos que controlan o acceso das mulleres aos postos de maior responsabilidade sobre a necesidade dun papel activo da muller en áreas de toma de decisións.
- Animar ás mulleres a participar na vida política e concienciar á sociedade, respecto á utilidade e beneficios que elo comporta.
- Sensibilizar á sociedade e en especial aos partidos políticos, sindicatos e a quen contribúa a formar opinión, sobre a importancia dunha participación equilibrada de homes e mulleres no ámbito da

adopción de decisións e nas estruturas de poder, tanto no sector público como no privado.

- Alentar aos partidos políticos para que se incrementen o número de mulleres incluídas nas listas electorais e apoiar ás mulleres con vocación política.
- Impulsar e dinamizar as asociacións de mulleres mediante o apoio necesario para a súa consolidación, en orde a propiciar a súa colaboración e actuación coordinada coa finalidade de establecer unha rede asociativa.
- Propiciar o encontro e o intercambio de experiencias entre as asociacións de mulleres do concello con outras asociacións de mulleres.
- Apoiar e promover o asociacionismo en xeral, e sobre todo das entidades que traballan a favor da igualdade de oportunidades, prestando apoio técnico e asesoramento ás asociacións de mulleres xa existentes para a planificación e desenvolvemento das súas actividades, así como para a promoción e creación doutras novas, en especial entre mulleres novas.

DESTINATARIOS: Goberno Municipal, Persoal do Concello, Asociacións, Partidos políticos, Sindicatos, Sociedade en xeral, Mulleres.

#### 4.3. MULLER RURAL

A situación das mulleres rurais ten cambiado nos últimos anos, por unha parte prodúxose un gran avance no nivel cultural e por outra as mulleres máis novas buscan desenvolver a súa actividade nun medio que por outro lado condiciona a súa situación sociolaboral. E por isto que resulta fundamental considerar a súa presenza como medio para proxectar os seus valores e os seus puntos de vista.

**OBXECTIVO XERAL:** Mellorar as condicións de vida e o acceso aos servizos das mulleres que viven no medio rural.

**ACTUACIÓNS:**

- Estudar as necesidades e a demanda de servizos de atención ás persoas no medio rural.
- Mellorar os servizos de atención ás mulleres e o sistema de acceso no medio rural.
- Fomentar os equipamentos sociais no medio rural para facilitar o acceso das mulleres á formación, ao emprego, ao ocio, á cultura e ao deporte e que faciliten a labor das asociacións.
- Sensibilizar á sociedade sobre a importante aportación das mulleres, a todos os niveis, no medio rural, tendo en conta as súas necesidades e dificultades.
- Promover actuacións que favorezan a súa formación, a súa inserción no mundo laboral, a asistencia para a creación de empresas, difusión de boas prácticas, así como a mellora dos servizos de atención e a calidade de vida nestos medios.
- Acercar ao medio rural información e programas dirixidos a mulleres mediante unidades móbiles ou outras fórmulas.
- Reivindicar que o traballo da muller no medio rural sexa valorado, as súas aportacións a agricultura e a vida económica en xeral.
- Tratar de concienciar para a consecución da igualdade de oportunidades nesta zona.
- Sensibilizar a sociedade rural con campañas sobre corresponsabilidade doméstica e a importancia do acceso da muller aos procesos de toma de decisións.
- Apoiar ás mulleres rurais no seu acceso ao mercado laboral tendo en conta a súa situación persoal, laboral e xeográfica.
- Informar ás mulleres rurais sobre as posibilidades de regularización da súa situación laboral así como das opcións de apoio económico para as actividades das que son titulares as mulleres.
- Ofertar actividades formativas nas novas tecnoloxías da información.

- Potenciar o incremento da súa participación en cursos de materias agroambientais.
- Proporcionar asesoramento para a creación de empresas, sobre todo as vencelladas a novos xacemento de emprego e recursos emerxentes, impulsando as iniciativas empresariais.
- Facer difusión de iniciativas de boas prácticas de mulleres emprendedoras que tomen como base actividades alternativas á explotación agraria tradicional (productos ecolóxicos, turismo rural, artesanía).
- Estudar e mellorar os servizos de transporte no medio rural coa fin de que se adapten ás necesidades específicas das mulleres.
- Potenciar a participación das asociacións de mulleres existentes na comarca nos programas de desenvolvemento rural para facilitar a dinamización das políticas de igualdade de oportunidades. E para valorar a presenza das mulleres en programas que desenvolven as potencialidades do territorio da comunidade.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Asociacións, Centros de Formación, Mulleres.

#### 4.4. VIOLENCIA DE XÉNERO

O proceso de cambio que estamos a vivir nas últimas décadas na nosa sociedade ten propiciado que a violencia de xénero, e en concreto a súa violencia máis arraigada, a violencia doméstica, pase de ser considerado coma un “asunto privado” que se producía e resolvía no entorno familiar, a saír a luz pública e tratalo coma un problema social que repercute no benestar da nosa comunidade e que require unha intervención pública.

**OBXECTIVO XERAL:** Sensibilizar, Previr e Atender dende as súas diferentes causas, manifestacións, tipoloxías e consecuencias, a violencia de

xénero dun xeito coordinado e integral que procure a garantía no exercicio dos dereitos e unha mellora na integración sociolaboral.

### **ACTUACIÓNS:**

- Promover a concienciación e a sensibilización a nivel social sobre a violencia de xénero, informando sobre os distintos tipos de violencia, a gravidade do fenómeno, as súas consecuencias individuais e sociais, os recursos disponibles, e alentando á formulación de denuncias entre a poboación. Incluindo a conmemoración do Día Internacional e Nacional para combater a Violencia doméstica (23 de Novembro).
- Coñecer as estadísticas policiais sobre malos tratos, diferenciando os distintos tipos delictivos nos que se causa algún tipo de maltrato doméstico, co obxectivo de coñecer as ameazas, coaccions, lesións ou agresión sexuais producidas polos agresores.
- Realizar un seguimento dos procesos iniciados por violencia contra as mulleres e das sentenzas dictadas.
- Realizar unha Enquisa de Seguridade Pública, na que se profundice no coñecemento dos incumprimentos familiares e das situacións das mulleres como vítimas da violencia de xénero.
- Analizar a efectividade das medidas postas en marcha para apoiar as vítimas da violencia de xénero.
- Crear protocolos de coordinación coas distintas institucións.
- Elaborar un protocolo de atención urxente e coordinada entre as Áreas municipais e os organismos implicados nos casos de violencia de xénero.
- Garantir servizos de emerxencia para as mulleres vítimas de violencia de xénero, asegurando a súa accesibilidade e rapidez, por parte das forzas e corpos de seguridade e dos servizos de emerxencia, ao momento da denuncia.
- Facilitar ás mulleres ferramentas de protección social e comunicación urxente para situacións de emerxencia. Mediante o sistema de telealarma, conectadas coas forzas de Seguridade do Estado e coa

Policia Local, como medida de protección ás mulleres que denunciemos malos tratos e que teñan un risco para a súa integridade.

- Informar da asistencia e asesoramento integral e continuado dende os Servizos 24 horas, establecendo coordinación con outros organismos implicados na atención desta problemática.
- Difundir a información e as boas prácticas sobre a prevención da violencia de xénero ao conxunto da sociedade. (Actuacións tales como, publicación e difusión de Guías de Recursos para mulleres e programas de axuda á intervención con vítimas).
- Elaborar materiais didácticos para profesorado e alumnado, co obxectivo de realizar actividades educativas para desenvolver estratexias de resolución de conflitos a través de métodos non violentos.
- Desenvolver estratexias de prevención da violencia de xénero dende o ámbito da atención primaria do sistema de saúde.
- Fomentar o servizo de intermediación familiar que interveña con familias en risco (por exemplo en situación de separación ou divorcio) como medida preventiva da violencia de xénero.
- Brindar servizos estables: como asistencia xurídica gratuíta, programas de apoio psicolóxico, asistencia sanitaria acorde ás mulleres vítimas de violencia de xénero, a través dunha atención profesional, integral e coordinada.
- Apoiar a inserción laboral e as iniciativas emprendedoras de mulleres vítimas de violencia de xénero, priorizando, por un lado as solicitudes de mulleres que carezan de recursos nos cursos de formación ocupacional, no sistema de acceso, e aos plans de emprego, e por outro lado, garantindo a asistencia técnica para a creación de empresas.

**DESTINATARIOS:** Goberno municipal, Persoal do Concello, Corpos e Forzas de Seguridade, Servizos Sanitarios, Empresariado, Asociacións, Comunidade Educativa, Mulleres.

## AVALIACIÓN

A avaliación do **I Plan Municipal de Igualdade entre Mulleres e Homes** do Concello de Becerreá concíbese coma un proceso de traballo que permita determinar en qué medida a intervención pública produce unha **mellora no benestar individual e social**, cómo se produce esta mellora e cómo se podería conquistar dun xeito máis efectivo.

Este plantexamento avaliativo implica medir o avance social acadado polas mulleres do Concello, así como o beneficios obtidos polas políticas municipais, e estimar o grao de consecución dos obxectivos propostos, contrastando as metas definidas inicialmente cos resultados reais e finais, baixo o respecto aos **criterios de pertinencia, eficacia e eficiencia** da actuación, ao fin de deseñar novas actuacións e planificacións futuras para insistir nas situacións persistentes de desigualdade.

A estes efectos propónse un sistema avaliativo que mida:

A **Implantación**: Proporcionando información sobre o grao de cumprimento do Plan. (¿Qué actuacións se iniciaron? e, ¿Cales non?). Así como do xeito en que se está procedendo a execución do Plan. (Cotexando as actuacións que se definiron inicialmente co seu desenvolvemento real).

Os **Resultados**: Considerados dende unha perspectiva cualitativa que valore o alcance das actuacións, e se éstas contemplan as necesidades básicas das mulleres e os seus intereses estratéxicos. Que sondeara mediante entrevista persoal a través dun cuestionario estruturado a opinión dos diferentes organismos, entidades, colectivos implicados así como os beneficiarios.

E por outro lado, dende unha **perspectiva cuantitativa** que contabilice as actuacións, iniciadas, non iniciadas e sen finalizar, considerando o seu

alcance en termos de ámbito xeográfico e de poboación beneficiaria. A través dunha ficha distribuída entre os axentes das actuacións.

M = H



**XUNTA DE GALICIA**

**VICEPRESIDENCIA**  
DA IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade



**CONCELLO DE**  
**BECKERREÁ**